

## VIII CARREIRA POPULAR MATOGRANDE-XUXÁN - 15/09/2024

## REGULAMENTO ESPECÍFICO

**INSCRICIÓN:** a data límite será o **domingo 8 de setembro** ás 23.59 horas.

Inscripción en liña: [www.corunacorre.com](http://www.corunacorre.com)

No caso de participar en **carreiras individuais**, o **dorsal será exclusivo para cada unha das 7 carreiras** que integran o circuío.

**As inscricións ao circuío dispoñerán dun “dorsal único”,** que é necesario conservar para todas as carreiras. No caso de perda deberá comunicarse á organización enviando un correo a [consulta@championchipnorte.com](mailto:consulta@championchipnorte.com) e a súa reposición terá un coste de 1 €.

**HORARIO DE SAÍDAS E DISTANCIAS\***

HORA	CATEGORÍA		DISTANCIA
10.00	ABSOLUTA		6.700 m aprox.
11.00	<b>ENTREGA DE PREMIOS – CATEGORÍA ABSOLUTA</b>		
11.15	SUB 18*	Que cumpran 17 e 16 anos durante este ano.	2.500 m aprox.
11.30	SUB 16*	Que cumpran 15 e 14 anos durante este ano.	2.500 m aprox.
11.45	SUB 14	Que cumpran 13 e 12 anos durante este ano.	1.500 m aprox.
12.00	SUB 12*	Que cumpran 11 e 10 anos durante este ano.	800 m aprox.
12.15	SUB 10*	Que cumpran 9 e 8 anos durante este ano.	800 m aprox.
12.30	PEQUES*	Que cumpran 7 anos ou menos durante este ano.	100 m aprox.
13.00	<b>ENTREGA DE PREMIOS - CATEGORÍAS INFERIORES*</b>		

*\*Horarios orientativos en función da participación*

**LUGAR E RECOLLIDA DE DORSAIS**

- **Domingo 15 de setembro** no Colexio Liceo La Paz (acceso pola rúa Sebastián Martínez Risco) dende as 9:00h e ata 1 hora antes do comezo de cada unha das categorías.

## VIII CARREIRA POPULAR MATOGRANDE-XUXÁN - 15/09/2024

As persoas participantes da categoría “peques”, ademais do dorsal, deberán recoller as súas pulseiras identificadoras para a carreira no espazo de recollida de dorsais. **Media hora antes da súa saída, esta entrega realizarase no arco de saída de peques.**

### LUGAR DE SAÍDA E META CARREIRA ABSOLUTA:

- Rúa Sebastián Martínez Risco (Á altura do Colexio Liceo La Paz)

### PECHE DE CONTROL DA PROBA ABSOLUTA:

- Ás 11.00 horas.

### SERVIZO DE GARDARROUPA

- O día da carreira, de 9.30 ás 11.15h. no Colexio Liceo La Paz

### SERVIZO DE DUCHAS

- Colexio Liceo La Paz. Horario: das 10.30 ás 13.00 h

### USO E DEVOLUCIÓN DO CHIP:

- a) O chip ten que ir correctamente atado nos cordóns das zapatillas ou cunha nocelleira á altura do nocello, ou pegado ao dorsal segundo o tipo de chip que utilice o/a corredor/a. Chip amarelo en propiedade (non se devolve).
- b) Chip para todo o circuíto (non se devolve ata a finalización do circuíto)
- c) Chip desbotable pegado ao dorsal, de uso exclusivo para cada unha das carreiras (non se devolve).

### AVITUALLAMENTO DE META:

Proporcionaráselles auga e avituallamento sólido a todas as persoas participantes en cada unha das categorías no punto de avituallamento que estará situado nun lugar visible despois da meta.

## VIII CARREIRA POPULAR MATOGRANDE-XUXÁN - 15/09/2024

### HORARIO DA ENTREGA DE PREMIOS:

- **Horario da entrega á Categoría Absoluta:** 11.00 horas
- **Horario da entrega á Categoría Menores:** 13.00 horas (condicionado pola participación na categoría de Peques)

**Lugar:** Na explanada do Colexio Liceo La Paz.

- Os/as atletas premiados/as deberanse situar na zona próxima á entrega de premios no momento en que por megafonía se anuncie o inicio dela, así como estar pendentes do momento en que se chame a cada unha das categorías.
- Agradecemoslles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o/a atleta non está presente, que o comuniquen na zona de premiación, para evitar esperas innecesarias.
- Exclusivamente poderán subir ao podio as e os atletas premiados.
- Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio, no momento da entrega, perderán o dereito para recollelo.
- Aqueles/as atletas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia, no momento da entrega, deberán poñerse en contacto co Servizo Municipal de Deportes durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

### MEDIOS DE CONTACTO:

- Servizo Municipal de Deportes (Palacio dos Deportes de Riazor – 1.ª planta), de luns a venres das 9.00 ás 14.00 horas
- Por correo electrónico no seguinte enderezo: [carreraspopulares@coruna.es](mailto:carreraspopulares@coruna.es)
- Teléfonos de información: 981 189 800 (Ext. 25025 e 25030)
- Web: [www.coruna.es/carreraspopulares](http://www.coruna.es/carreraspopulares)